

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E ASOCIACIÓN CULTURAL PEN CLUB DE GALICIA NA REALIZACIÓN E PROMOCION DE ACTIVIDADES CULTURAIS

En Santiago de Compostela, a 08 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640. A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data do 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante o notario do Ilustre Colexio de don, con número de Protocolo.

E doutra parte, **ASOCIACIÓN CULTURAL PEN CLUB DE GALICIA (CENTRO PEN GALICIA)**, con domicilio social en Casa da Parra, 3º, Praza da Quintana, s/n (15704) de Santiago de Compostela (A Coruña) e provista do Número de Identificación Fiscal.

Está representada neste acto por D. , en calidade de Presidente, quen actúa mediante facultades de representación segundo reflicte a acta da Asemblea Xeral Extraordinaria de .

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

- *As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*
- *As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.*
- *Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*
- *As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.*

En cumprimento dos seus fins sociais, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, leva a cabo todo tipo de accións tendentes á difusión e promoción da cultura galega, dentro e fora do territorio da nosa Comunidade, impulsando a conversión da Cidade da Cultura nunha referencia do sistema cultural galego, estimulando a creatividade, xerando novos públicos, apoiando a vertebración do tecido cultural de Galicia, facilitando os intercambios con outras iniciativas, e apostando por aqueles elementos singulares da nosa identidade.

Terceiro- Que **Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia)** é a sección galega do PEN Internacional (fundado pola escritora inglesa Amy Dawson Scott en Londres, 1921). Aínda que no ano 1977, constituíuse a primeira Xunta Directiva e se cursou petición de integración no 42º Congreso Internacional, foi o 15 de febreiro de 1989, por iniciativa de Carlos Casares, Alfredo Conde e Luís González Tosar, cando 27 autoras e autores en lingua galega decidiron cursar a Londres unha segunda petición de creación do PEN Clube de Galicia. Acordouse que Úrsula Heinze e Luís González Tosar, acudisen en calidade de observadores, ao 53º Congreso Internacional que se celebrou en Maastricht (Holanda), do 7 ao 12 de maio. O día 10, a proposta de integración da literatura galega foi debatida pola Asemblea e resultou admitida por unanimidade.

O 9 de marzo de 1990, constituíuse a Asociación Cultural PEN Clube de Galicia, sen fines de lucro e conforme aos Estatutos aprobados o 13 de decembro dese mesmo ano, erixíndose unha comisión xestora integrada por: Alfredo Conde (presidente), Luís González Tosar (secretario), Modesto Hermida (tesoureiro) e os vogais, Carlos Casares, Úrsula Heinze e Helena Villar.

Cuarto.- Que os fins máis salientables do PEN galego son a defensa da liberdade de expresión e as outras obrigas que figuran na Carta do PEN Internacional e maila promoción interna e externa da nosa lingua e da nosa literatura.

Para a realización deses fins, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) leva a cabo multitude actividades que promovan a difusión da lingua e literatura galega

Quinto.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) están interesados na colaboración mutua na promoción de actividades conxuntas que complementen as actuacións levadas a cabo pola Fundación na Cidade da Cultura para a promoción da cultura galega e á contribución ao crecemento económico e creación de emprego na nosa comunidade, polo que as partes acordan a sinatura do presente acordo, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Polo presente acordo, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) acordan establecer as bases de colaboración entre ambas institucións, na realización e promoción de actividades culturais, que redunden na promoción da cultura galega, impulsando a conversión da Cidade da Cultura nunha referencia do sistema cultural galego, estimulando a creatividade, xerando novos públicos, apoiando a vertebración do tecido cultural de Galicia, facilitando os intercambios con outras iniciativas, e apostando por aqueles elementos singulares da nosa identidade.

A Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) realizará na Cidade da Cultura de Galicia, dous eventos anuais a determinar de carácter cultural co obxecto de difundir a lingua e literatura galega.

Para a realización destas actividades, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) precisa dun centro loxístico de funcionamento desta Asociación na Cidade da Cultura (segundo o disposto na cláusula terceira do presente convenio, ademais de oportunos espazos para celebración dos dous eventos culturais anuais previstos no parágrafo inmediatamente anterior.

Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) declara que os espazos cedidos en virtude do presente convenio se encontran en perfecto estado e en condicións de servir ao uso ao que se destinan.

Así mesmo comprométese a, unha vez producida a resolución do presente Convenio ou a expiración da súa vixencia, a poñer os espazos e instalacións de forma inmediata a disposición da Fundación, no mesmo estado en que encontran no momento de sinatura do presente Convenio.

Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) non poderá levar a cabo modificación ningunha nas Instalacións sen a autorización expresa da Fundación, e acepta neste acto as normas e condicións xerais aprobadas pola Cidade da Cultura de Galicia.

Segunda.- Obrigas da Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia)

En virtude do presente convenio, a ASOCIACIÓN CULTURAL PEN CLUB DE GALICIA (CENTRO PEN GALICIA) se obriga a:

- a) Realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas.
- b) Realización no Gaiás de 2 actividades culturais con carácter anual, levando a cabo as seguintes accións;
- Deseño, planificación, organización e xestión dos eventos que se celebrarán con carácter anual na Cidade da Cultura de Galicia.
 - Campaña de difusión, promoción e posicionamento.
- c) Cumprir co calendario de actividades segundo o comunicado á Fundación Cidade da Cultura de Galicia. En canto promotor dos eventos, será o encargado exclusivo da súa organización, así como da presentación das comunicación e/ou obtención das oportunas autorizacións e licenzas ante os organismos competentes de acordo coa normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas. Igualmente deberá comunicar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia o calendario e programación do/s evento/s, especialmente os que impliquen prolongar o horario de apertura do/s edificio/s onde se desenvolva a/s actividade/s, así como a programación de actividades a desenvolver nos espazos cedidos e informar puntualmente dos cambios no programa, a través do Departamento de Eventos.
- d) Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- e) Ubicación dunha delegación da Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) no Centro de Emprendemento Creativo de Galicia (CEM). Sen prexuízo doutras obrigas, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) obrígase a:
1. Destinar o espazo ocupado no CEM ao uso para o que se reserva, non podendo ser utilizado para o desenvolvemento de actividades distintas ou daquelas outras que non estean expresamente autorizadas, por escrito, pola Fundación.
 2. Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) comprométese a respectar as normas establecidas pola Fundación Cidade da Cultura, en materia de estética do edificio, identidade corporativa, horarios e outra normativa de uso que se poida esixir.
 3. Respectar as normas de hixiene e preventivas que a Fundación poida establecer. En particular, Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) obrígase a non introducir nin depositar no local arrendado materiais nocivos, insalubres ou perigosos ou calquera outros que, pola súa natureza ou manipulación, poidan producir molestias ou malos olores.
 4. Non realizar, sen autorización previa, expresa e por escrito, da Fundación, no espazo ocupado no CEM nin na zona de servizos comúns, ningunha clase de obras de reparación, conservación ou mellora. En todo caso, á finalización da ocupación, Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) entregará o espazo arrendado limpo e co equipamento e mobiliario, nas mesmas condicións nas que lle foron entregados.
 5. Conservar en perfecto estado de funcionamento e seguridade, tanto o espazo ocupado no CEM coma o seu equipamento e instalacións fixas de electricidade, rede de datos e telefonía.

6. Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) será responsable da conservación das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas no mesmo estado nas que foron entregadas, coas condicións establecidas na cláusula décima do presente convenio. En ningún caso a utilización pola Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.
 7. Non ceder, subarrendar nin traspasar, de forma total ou parcial a terceiros, o espazo ocupado no CEM. Así mesmo, a extinción do contrato polo transcurso do termo convido, non dará dereito a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) a indemnización ningunha a cargo da Fundación.
 8. Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) deberá contar en todo momento coas Licenzas Administrativas tanto locais e autonómicas coma estatais, que amparen a totalidade das actividades que desenvolva, e deberá cumprir fielmente a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais e canta sectorial exista en materia de seguridade e deberá satisfacer a totalidade dos tributos que por calquera concepto graven a súa actividade. Serán de conta e risco de Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) a obtención dos permisos e licenzas que resulten necesarios para a apertura e o desenvolvemento da súa actividade, sendo ao seu cargo todos os impostos, arbitrios e demais contribucións que se impoñan, correspondentes ao negocio ou por razón deste.
 9. Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) obrígase a permitir o acceso ao espazo, ao persoal asignado pola Fundación, e aos operarios ou industriais mandados por esta, para a realización, inspección e comprobación de calquera clase de obras ou reparacións que afecten ao espazo arrendado, dentro do horario normal de apertura. En caso de urxencia ou forza maior, poderá tamén a Fundación, por si ou por medio de persoas autorizadas, acceder ese espazo fóra das horas de apertura ou funcionamento, para atender as reparacións ou revisións precisas e adoptar as medidas necesarias. Nestes casos, darase conta inmediata ao arrendatario do actuado.
- f) Limitar as actividades que afecten ás areas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
 - g) A conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento de calquera tipo, incluído o informático, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado, que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na CDC.
 - h) A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente convenio.

ano e disporá dun técnico para a posta en funcionamento dos sistemas de megafonía dos espazos cedidos.

A Fundación valorará no seu caso, a necesidade da elaboración dun Plan de Autoprotección por parte da Asociación Cultural Pen Club de Galicia (Centro Pen Galicia) segundo o espazo que finalmente se ceda para a realización dos eventos.

- c) O mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio da Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia), a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- d) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- e) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- f) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- g) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia), se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.
- h) Deseño e autorización da sinalética.

Cuarta.- Obrigas comúns.

A Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Desenvolver, a través dos instrumentos máis adecuados, un ámbito de coordinación horizontal.

Quinta.- Financiamento

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta da Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) ademais dos gastos de persoal dependente do Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia), calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, de todos os gastos derivados da celebración dos eventos culturais que cada ano a Asociación realice na Cidade da Cultura, incluídos materiais publicitarios, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia). Así mesmo serán por conta da Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) a xestión da inscrición no/s evento/s, os ingresos xerados por estes así como os gastos e ingresos relacionados co desenvolvemento no Gaiás.

Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos ordinarios correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) ou impostos que afecten ao inmovible.

Sexta.- Modificacións ou obras nas instalacións.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia).

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos e Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Sétima.- Limpeza

A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia.

Unha vez finalizada a relación contractual, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) deberá deixar os espazos e instalacións cedidas totalmente limpos de residuos; no caso de que a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) acumule entullos ou refugallo, procederá á súa recollida conforme as condicións orixinais dos espazos e instalacións obxecto de cesión, sen prexuízo de que de non producirse tal recollida, se facture á Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) este servizo en partida independente, segundo tarificación ordinaria.

Oitava.- Seguridade e control de acceso ao espazo.

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

Non obstante, o control de acceso aos espazos obxecto deste acordo e a seguridade interior dos mesmos, dependerán de Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) e a tal fin, contará co persoal que estime oportuno e establecerá para o devandito persoal, os horarios que este determine en función das necesidades do evento. O persoal de control de acceso levará de forma visible e permanente un distintivo que o identifique e o acredite como tal, que deberá ser validado pola Fundación.

O exercicio do dereito de admisión, ás instalacións e espazos cedidos, corresponderá a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia), se ben, no caso de non permitir a entrada de calquera persoa á zona cedida, de xeito debidamente xustificado, Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) poderá contar coa colaboración do persoal de seguridade de Fundación, co fin de asegurar o abandono das instalacións das persoas non admitidas.

Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) é responsable do trato que, o persoal ao seu cargo, dispense ao público asistente.

Novena.- Plan de Actuación ante Emerxencias

En cumprimento da normativa aplicable en materia de autoprotección, a Fundación dispón dun Plan de actuación ante emerxencias vixente para o conxunto de edificacións e áreas urbanizadas do complexo do Gaiás.

Non obstante o anterior, con 15 días de antelación ao inicio dos traballos de montaxe dos eventos culturais que cada ano a Asociación realice na Cidade da Cultura, determinarase por parte do Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia se resulta necesario a Elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario para o evento.

En todo caso, os organizadores do evento deberán aportar ao Director do Plan de Autoprotección Único a seguinte información:

- Locais ocupados
- Descrición da actividade
- Aforo máximo e sistema de control de aforo
- Equipamento, mobiliario ou estruturas a instalar
- Fontes de enerxía
- Medios humanos dedicados á actividade.

Se o Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia non considerase necesario a elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario por non requirilo o evento, será suficiente se con 48 horas de antelación á celebración do evento se definen os equipos de evacuación e os equipos de primeira intervención designados para atender o evento.

No caso de que o Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia considerase necesario a elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario, con 48 horas de antelación ao inicio da actividade, deberá serlle entregada unha copia do Plan de Autoprotección Complementario.

Décima.- Mantemento

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento.

Se ao final do período de utilización das instalacións e dos espazos cedidos se tivese deteriorado algunha instalación ou espazo, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) comprométese a repoñelas á súa costa ao seu estado orixinal.

En todo caso, na data de sinatura do presente documento, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) deberá acreditar a constitución dunha póliza de seguros de responsabilidade civil, para responder dos danos persoais e materiais derivados da utilización dos espazos e instalacións cedidos e das actividades organizados pola Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia). A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

Undécima.- Condicións de utilización das instalacións i espazos cedidos.

En ningún caso a utilización pola Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados pola Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia):

- A Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.
- Tras a finalización da relación contractual, a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo Cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade e, no seu caso, a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

Duodécima.- Difusión de imaxes da Cidade da Cultura de Galicia.

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte da Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia), en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá a aprobación expresa e por escrito da Fundación.

Décimo terceira.- Cesión e subcontratación

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente Convenio.

Décimo cuarta.- Confidencialidade e conflito de intereses

A información e documentación que se xere con motivo do convenio, será propiedade exclusiva da parte que a xere. Ningunha das partes poderá divulgar a devandita información sen o previo consentimento por escrito da outra parte, salvo nos casos previstos legalmente, así como cando esta sexa requirida por algún órgano e/ou institución administrativa ou xudicial de conformidade ao procedemento legalmente establecido.

A información que as partes proporcionen ou coñezan, por motivo do convenio, será considerada estritamente confidencial, polo que quedan obrigadas a non a revelar a terceiras persoas alleas ás partes. Por tal motivo, as partes tomarán as medidas necesarias para evitar a divulgación da información que por motivo ou consecuencia dos servizos obxecto do convenio manexen outras persoas, e evitando tamén que terceiras persoas alleas ás partes non teñan acceso a ela.

En caso de que a información proporcionada polas partes chegase ao coñecemento de terceiras persoas alleas a estas por dolo, neglixencia ou mala fe imputable a algunha das partes e/ou o seu persoal, a parte responsable deberá responder polos danos e prexuízos ocasionados á outra, sen prexuízo das responsabilidades e sancións legalmente previstas.

Décimo quinta.- Comisión de Seguimento

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio. A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Actuará de Presidente da Comisión de Seguimento a Directora Xerente da Fundación ou persoa na que delegue. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O Presidente da Comisión de Seguimento ostentará a facultade de voto dirimente en caso de empate, a efectos da adopción de acordos.

A Comisión reunirse tantas veces estime se necesario a convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos para tratar.

Décimo Sexta.- Vixencia.

A vixencia do presente acordo se circunscribe dende a data de sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante o anterior, este convenio será prorrogable automaticamente por anualidades, salvo que unha das partes denuncie a finalización do convenio, con un mes de antelación á data do seu vencemento. Neste caso, para a procedencia da prórroga, será requisito imprescindible e se condicionará dita prórroga, ao compromiso de realización de dous eventos anuais de carácter cultural, os cales deberán ser organizados e promovidos pola Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) na Cidade da Cultura, sen que os mesmos supoñan custe algún ou aportación económica por parte da Fundación.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar indemnizacións.

As condicións da montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.

Décimo sétima.- Causas de Resolución.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á Fundación.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.
6. O comportamento irregular do persoal de Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia).
7. En caso de condutas, actuacións, prácticas ou organización de actos que comporten un risco para a reputación da Fundación Cidade da Cultura de Galicia ou para o complexo do Gaiás. A tales efectos, entenderase por risco contra a reputación da Fundación, o risco de posibles prexuízos ou de danos á imaxe, crédito ou reputación da Fundación.

8. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
9. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.
10. A denegación das autorizacións e licenzas que procedan, así como os demais incumprimentos da normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A resolución por incumprimento de Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións a Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste documento contractual.

Décimo oitava.- Protección de datos de carácter persoal

A Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) garante que o tratamento de datos persoais xerados ou obtidos con motivo da organización do/s evento/s a través de las funcionalidades das que sexa titular, cumpren o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. A Fundación queda exonerada de calquera incumprimento do disposto na citada Lei e normativa de desenvolvemento da mesma, por parte de Asociación Cultural Pen Club De Galicia (Centro Pen Galicia) no exercicio das súas actividades.

Así mesmo, se informa que co fin de dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais que se faciliten en virtude do presente acordo, quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da FUNDACIÓN, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a FUNDACIÓN, como responsable do ficheiro, solicitándoo por escrito á Fundación Cidade da Cultura de Galicia ao enderezo Gaiás- Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceiro andar (Monte Gaiás), 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Décimo novena.- Natureza xurídica do convenio e xurisdición aplicable

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 4. O convenio rexerase polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo

que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

O que en proba de conformidade asinan por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Fundación Cidade da Cultura

**Por Asociación Cultural Pen Club De
Galicia (Centro Pen Galicia)**

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

D.
Presidente